

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15014738	CPI Plurilingüe dos Dices	Rois	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Relixión Católica	6º Pri.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	18
7.2. Actividades complementarias	19
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	19
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	20
9. Outros apartados	20

## 1. Introducción

Esta programación foi elaborada en coherencia co seguinte marco legal:

Normativa estatal

Ley Orgánica 2/2006 (LOE), de 3 de maio, de Educación.

Ley Orgánica 3/2020 (LOMLOE), de 29 de diciembre, pola que se modifica a actual Lei Orgánica 2/2006 (LOE), de 3 de maio, de Educación.

Real Decreto 984/2021, de 16 de novembro, polo que se regulan a avaliación e a promoción na Educación Primaria, así como a avaliación, a promoción e a titulación na Educación Secundaria Obrigatoria, o Bacharelato e a Formación Profesional.

Real Decreto 157/2022, de 1 de marzo, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Primaria.

Normativa Autonómica

Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Currículo de Relixión Católica

Resolución de 21 de xuño de 2022, da Secretaría de Estado de Educación, pola que se publican os currículos das ensinanzas de relixión católica correspondentes a Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato.

Neste marco, o ensino da Relixión Católica propónse como área curricular de oferta obrigatoria para os centros escolares e de libre elección para as familias. Forma parte da proposta educativa necesaria para o pleno desenvolvemento da personalidade dos alumnos e alumna.

O currículo da área de Relixión Católica é resultado dun fecundo diálogo da Teoloxía, fonte epistemolóxica que proporciona os saberes básicos esenciais para unha formación integral na escola inspirada na visión cristiá da vida, con outras fontes curriculares, especialmente a psicopedagóxica, que orientan o necesario proceso educativo na Educación Primaria.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir, identificar e expresar os elementos clave da dignidade e a identidade persoal en situacións vitais próximas, a través de biografías inspiradoras e relatos bíblicos de alcance antropolóxico, para ir conformando a propia identidade e as súas relacións con autonomía, responsabilidade e empatía.	1-3			1-4	1-2-5		2-3	3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Descubrir, recoñecer e estimar a dimensión socioemocional expresada na participación en diferentes estruturas de pertenza, desenvolvendo destrezas e actitudes sociais tendo en conta algúns principios xerais da ética cristiá, para a mellora da convivencia e a sustentabilidade do planeta.	2-5	3	5	3	3	1-2-4	1	
OBX3 - Identificar e interpretar as situacións que prexudican ou melloran a boa convivencia, analizándoas coas claves persoais e sociais da proposta cristiá, para fomentar o crecemento moral, a cooperación cos demais e o desenvolvemento de valores orientados ao ben común.	1-5		3	1	3	3-4	1	3
OBX4 - Comprender e admirar o patrimonio cultural nalgunhas das súas expresións máis significativas, gozando da súa contemplación, analizando o universo simbólico e vital que transmiten, para valorar a propia identidade cultural, promover o diálogo intercultural e xerar creacións artísticas.	4	3		2-3		3		1-2-4
OBX5 - Explorar, desenvolver e apreciar a propia interioridade e experiencia espiritual, recoñecéndoa nas propias emocións, afectos, símbolos e crenzas, coñecendo a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeu cristián e doutras relixións, para favorecer o autoconhecimento persoal, entender as vivencias dos outros e promover o diálogo e o respecto entre as diferentes tradicións relixiosas.	1				1-3-5	3	2	1-3
OBX6 - Comprender os contidos básicos do cristianismo, valorando a súa contribución á sociedade, para dispoñer dunha síntese persoal que permita dialogar, desde a propia identidade social e cultural, con outras tradicións relixiosas e áreas de coñecemento.	2-3		4	1	4-5	1-4	3	1

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Creados para ser felices.	Nesta situación de aprendizaxe analizaremos como se pode alcanzar a felicidade propia e a dos demais atendendo ao convite de Xesus de que sexamos felices	18	6	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Creados para ser felices.	descubriendo que con amor se pode alcanzar o obxectivo. Fixarémonos na nosa relación coa natureza e analizaremos o que facemos para coidar a harmonía do creado por Deus.	18	6	X		
2	Prometo mellorar.	Nesta situación de aprendizaxe o alumnado observará que pode mellorar como persoa, na familia empregando como referencia como se relacionou Xesús co mundo e trazando un plan para seguir o seu exemplo.	16	6	X		
3	El ser humano y su relación con Dios.	Nesta situación de aprendizaxe analizaremos que persoas nos inspiran e cales delas son mulleres pensando nas mulleres que seguían a Xesús e en como se relacionaba con elas.	18	6		X	
4	Construindo a paz.	Nesta situación de aprendizaxe analizaremos cal é a nosa aportación á paz, como traballamos pola paz os cristiáns, que podemos facer para solucionar os nosos conflitos.	16	6		X	
5	Xesús envía aos discípulos.	A diversidade e pluralidade son a base desta situación de aprendizaxe, na que o alumnado valorará a pluralidade relixiosa e a universalidade da Palabra de Deus que vai dirixida a todos. Preséntase a Paulo de Tarso como embaixador da mensaxe de Xesús ás comunidades.	16	6			X
6	A presenza de Xesús na historia da Igrexa.	Nesta situación de aprendizaxe coñeceremos as festas cristiás, o ano litúrxico, os sacramentos como momentos importantes nas nosas vidas e cales foron os momentos importantes na vida de Xesús.	16	5			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Creados para ser felices.	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Promover actitudes que impulsen a mellora da convivencia e o coidado do planeta, coñecendo e aplicando algúns principios da ética cristiá, plasmando as súas conclusións en diferentes soportes.	Promove actitudes que impulsen a mellora da convivencia e o coidado do planeta. Coñece e aplica algúns principios da ética cristiá. Plasma as súas conclusións sobre as actitudes que melloran a sustentabilidade e a convivencia en diferentes soportes.		
CA1.5 - Reflexionar sobre algúns principios xerais da ética cristiá, coñecendo a súa realización en biografías significativas e movementos sociais, descubriendo como poden ser postos en práctica nas nosas contornas sociais próximas e virtuais.	Reflexiona sobre algúns principios xerais da ética cristiá. Coñece a realización dalgúns principios xerais da ética cristiá en biografías significativas e movementos sociais. Descobre como se poden poñer en práctica principios da ética cristiá nas nosas contornas sociais próximas e virtuais.	TI	100
CA1.9 - Asumir o desenvolvemento da interioridade como un dos elementos fundamentais na construción do propio sistema de valores e crenzas, mediante a análise e a reflexión de textos bíblicos e doutras tradicións relixiosas.	Asume o desenvolvemento da interioridade como un dos elementos fundamentais na construción do propio sistema de valores e crenzas. Analiza e reflexiona sobre textos bíblicos e doutras tradicións relixiosas.		
CA1.11 - Comprender as consecuencias éticas e morais, persoais e sociais, da mensaxe de Xesucristo para a construción do propio sistema de valores e crenzas e para a promoción do ben común.	Comprende as consecuencias éticas e morais, persoais e sociais, da mensaxe de Xesucristo. Coñece as claves para construír o propio sistema de valores e crenzas. Recoñece a necesidade de orientar cara ao ben común as crenzas persoais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- A responsabilidade persoal e social desde o punto de vista cristián.</li> <li>- Situacións vitais que expoñen preguntas existenciais ou morais para a persoa.</li> <li>- A influencia das accións individuais na transformación social á luz da ética cristiá.</li> <li>- Valoración da dimensión espiritual e relixiosa nun mesmo e nos demais.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- A preferencia de Xesucristo polas persoas marxinadas.</li> <li>- Reflexión e análise sobre as experiencias relixiosas narradas en diversos relatos bíblicos ou recollidas en biografías significativas.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- O mandamento do amor como raíz da ética cristiá e compromiso co ben común.</li> </ul>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Valores propios do Evanxeo: as benaventuranzas e o Reino de Deus.</li> <li>- A visión cristiá da interdependencia, eco-dependencia e interrelación.</li> <li>- A responsabilidade e o respecto no uso dos medios de comunicación e as redes sociais.</li> <li>- Pensamento crítico e ético para a convivencia democrática.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	Prometo mellorar.	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principios e virtudes que promoven e respectan a dignidade de todas as persoas, reflexionando sobre experiencias persoais e de aula, desenvolvendo autonomía, xuízo crítico e responsabilidade.	Identifica os principios e virtudes que promoven e respectan a dignidade de todas as persoas Reflexiona sobre experiencias persoais e de aula Desenvolve a autonomía, o xuízo crítico e a responsabilidade.		
CA1.3 - Promover actitudes que impulsen a mellora da convivencia e o coidado do planeta, coñecendo e aplicando algúns principios da ética cristiá, plasmando as súas conclusións en diferentes soportes.	Promove actitudes que impulsen a mellora da convivencia e o coidado do planeta. Coñece e aplica algúns principios da ética cristiá. Plasma as súas conclusións sobre as actitudes que melloran a sustentabilidade e a convivencia en diferentes soportes.		
CA1.4 - Participar en accións solidarias e de servizo á comunidade, recoñecendo aqueles grupos sociais máis vulnerables, tendo en conta como Xesucristo cambiou a súa realidade e as consecuencias que iso tivo para a historia da humanidade.	Participa en accións solidarias e de servizo á comunidade. Recoñece os grupos sociais máis vulnerables. Ten en conta como Xesucristo cambiou a maneira de comprender a realidade dos grupos sociais máis vulnerables e as consecuencias que iso tivo para a historia da humanidade.	TI	100
CA1.5 - Reflexionar sobre algúns principios xerais da ética cristiá, coñecendo a súa realización en biografías significativas e movementos sociais, descubrinto como poden ser postos en práctica nas nosas contornas sociais próximas e virtuais.	Reflexiona sobre algúns principios xerais da ética cristiá. Coñece a realización dalgúns principios xerais da ética cristiá en biografías significativas e movementos sociais. Descubre como se poden poñer en práctica principios da ética cristiá nas nosas contornas sociais próximas e virtuais.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.11 - Comprender as consecuencias éticas e morais, persoais e sociais, da mensaxe de Xesucristo para a construción do propio sistema de valores e crenzas e para a promoción do ben común.	Comprende as consecuencias éticas e morais, persoais e sociais, da mensaxe de Xesucristo. Coñece as claves para construír o propio sistema de valores e crenzas. Recoñece a necesidade de orientar cara ao ben común as crenzas persoais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- A dignidade humana, a igualdade e a diferenza entre as persoas.</li> <li>- Os dereitos humanos en diálogo coa visión cristiá.</li> <li>- A responsabilidade persoal e social desde o punto de vista cristián.</li> <li>- Situacións vitais que expoñen preguntas existenciais ou morais para a persoa.</li> <li>- A influencia das accións individuais na transformación social á luz da ética cristiá.</li> <li>- Valoración da dimensión espiritual e relixiosa nun mesmo e nos demais.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- A preferencia de Xesucristo polas persoas marxinadas.</li> <li>- Reflexión e análise sobre as experiencias relixiosas narradas en diversos relatos bíblicos ou recollidas en biografías significativas.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- O mandamento do amor como raíz da ética cristiá e compromiso co ben común.</li> <li>- Análise de situacións próximas de vulnerabilidade e deseño de propostas transformadoras aplicando os principios da ética cristiá.</li> <li>- Compromiso e transformación social na acción da Igrexa.</li> <li>- A responsabilidade e o respecto no uso dos medios de comunicación e as redes sociais.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	El ser humano y su relación con Dios.	6

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principios e virtudes que promoven e respectan a dignidade de todas as persoas, reflexionando sobre experiencias persoais e de aula, desenvolvendo autonomía, xuízo crítico e responsabilidade.	Identifica os principios e virtudes que promoven e respectan a dignidade de todas as persoas Reflexiona sobre experiencias persoais e de aula Desenvolve a autonomía, o xuízo crítico e a responsabilidade.		
CA1.5 - Reflexionar sobre algúns principios xerais da ética cristiá, coñecendo a súa realización en biografías significativas e movementos sociais, descubrinto como poden ser postos en práctica nas nosas contornas sociais próximas e virtuais.	Reflexiona sobre algúns principios xerais da ética cristiá. Coñece a realización dalgúns principios xerais da ética cristiá en biografías significativas e movementos sociais. Descobre como se poden poñer en práctica principios da ética cristiá nas nosas contornas sociais próximas e virtuais.	TI	100
CA1.11 - Comprender as consecuencias éticas e morais, persoais e sociais, da mensaxe de Xesucristo para a construción do propio sistema de valores e crenzas e para a promoción do ben común.	Comprende as consecuencias éticas e morais, persoais e sociais, da mensaxe de Xesucristo. Coñece as claves para construír o propio sistema de valores e crenzas. Recoñece a necesidade de orientar cara ao ben común as crenzas persoais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- A dignidade humana, a igualdade e a diferenza entre as persoas.</li> <li>- Os dereitos humanos en diálogo coa visión cristiá.</li> <li>- A responsabilidade persoal e social desde o punto de vista cristián.</li> <li>- A influencia das accións individuais na transformación social á luz da ética cristiá.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- A preferencia de Xesucristo polas persoas marxinadas.</li> <li>- Reflexión e análise sobre as experiencias relixiosas narradas en diversos relatos bíblicos ou recollidas en biografías significativas.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- Valores propios do Evanxeo: as benaventuranzas e o Reino de Deus.</li> <li>- A responsabilidade e o respecto no uso dos medios de comunicación e as redes sociais.</li> <li>- Pensamento crítico e ético para a convivencia democrática.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
4	Construíndo a paz.	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principios e virtudes que promoven e respectan a dignidade de todas as persoas, reflexionando sobre experiencias persoais e de aula, desenvolvendo autonomía, xuízo crítico e responsabilidade.	Identifica os principios e virtudes que promoven e respectan a dignidade de todas as persoas Reflexiona sobre experiencias persoais e de aula Desenvolve a autonomía, o xuízo crítico e a responsabilidade.	TI	100
CA1.2 - Expresar con autonomía a través de diversas linguaxes comunicativas a identidade persoal recoñecendo, desde a visión cristiá, a singularidade de todas as persoas, desenvolvendo empatía e valorando a pluralidade.	Expresa con autonomía a través de diversas linguaxes comunicativas a identidade persoal. Recoñece, desde a visión cristiá, a singularidade de todas as persoas. Desenvolve a empatía.		
CA1.3 - Promover actitudes que impulsen a mellora da convivencia e o coidado do planeta, coñecendo e aplicando algúns principios da ética cristiá, plasmando as súas conclusións en diferentes soportes.	Promove actitudes que impulsen a mellora da convivencia e o coidado do planeta. Coñece e aplica algúns principios da ética cristiá. Plasma as súas conclusións sobre as actitudes que melloran a sustentabilidade e a convivencia en diferentes soportes.		
CA1.4 - Participar en accións solidarias e de servizo á comunidade, recoñecendo aqueles grupos sociais máis vulnerables, tendo en conta como Xesucristo cambiou a súa realidade e as consecuencias que iso tivo para a historia da humanidade.	Participa en accións solidarias e de servizo á comunidade. Recoñece os grupos sociais máis vulnerables. Ten en conta como Xesucristo cambiou a maneira de comprender a realidade dos grupos sociais máis vulnerables e as consecuencias que iso tivo para a historia da humanidade.		
CA1.5 - Reflexionar sobre algúns principios xerais da ética cristiá, coñecendo a súa realización en biografías significativas e movementos sociais, descubrindo como poden ser postos en práctica nas nosas contornas sociais próximas e virtuais.	Reflexiona sobre algúns principios xerais da ética cristiá. Coñece a realización dalgúns principios xerais da ética cristiá en biografías significativas e movementos sociais. Descobre como se poden poñer en práctica principios da ética cristiá nas nosas contornas sociais próximas e virtuais.		
CA1.6 - Cooperar activamente na construción dunha convivencia pacífica e democrática recoñecendo, en iniciativas e proxectos eclesiais, aqueles valores morais que promoven o ben común.	Coopera activamente na construción dunha convivencia pacífica e democrática. Recoñece en iniciativas e proxectos eclesiais aqueles valores morais que promoven o ben común.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.10 - Valorar a experiencia relixiosa como desenvolvemento persoal e social da dimensión espiritual, interpretando e respectando o relixioso na pluralidade de culturas e promovendo o diálogo interrelixioso.	Valora a experiencia relixiosa como desenvolvemento persoal e social da dimensión espiritual. Interpreta e respecta o relixioso na pluralidade de culturas.		
CA1.11 - Comprender as consecuencias éticas e morais, persoais e sociais, da mensaxe de Xesucristo para a construción do propio sistema de valores e crenzas e para a promoción do ben común.	Comprende as consecuencias éticas e morais, persoais e sociais, da mensaxe de Xesucristo. Coñece as claves para construír o propio sistema de valores e crenzas. Recoñece a necesidade de orientar cara ao ben común as crenzas persoais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- A dignidade humana, a igualdade e a diferenza entre as persoas.</li> <li>- Os dereitos humanos en diálogo coa visión cristiá.</li> <li>- A responsabilidade persoal e social desde o punto de vista cristián.</li> <li>- Situacións vitais que expoñen preguntas existenciais ou morais para a persoa.</li> <li>- A influencia das accións individuais na transformación social á luz da ética cristiá.</li> <li>- Valoración da dimensión espiritual e relixiosa nun mesmo e nos demais.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- A preferencia de Xesucristo polas persoas marxinadas.</li> <li>- A vida cristiá e a celebración dos sacramentos.</li> <li>- María, modelo de crente.</li> <li>- Recoñecemento do papel das mulleres na Biblia e na historia da Igrexa.</li> <li>- Reflexión e análise sobre as experiencias relixiosas narradas en diversos relatos bíblicos ou recollidas en biografías significativas.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- O mandamento do amor como raíz da ética cristiá e compromiso co ben común.</li> <li>- Valores propios do Evanxeo: as benaventuranzas e o Reino de Deus.</li> <li>- A visión cristiá da interdependencia, eco-dependencia e interrelación.</li> <li>- Análise de situacións próximas de vulnerabilidade e deseño de propostas transformadoras aplicando os principios da ética cristiá.</li> <li>- Compromiso e transformación social na acción da Igrexa.</li> <li>- A responsabilidade e o respecto no uso dos medios de comunicación e as redes sociais.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
- Pensamento crítico e ético para a convivencia democrática.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	Xesús envía aos discípulos.	6

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.8 - Recoñecer e apreciar, desde a propia identidade cultural, a pluralidade de tradicións e expresións presentes no contexto social, promovendo o respecto e o coñecemento mutuo que favorece o encontro e o diálogo intercultural.	Recoñece e aprecia, desde a propia identidade cultural, a pluralidade de tradicións e expresións presentes no contexto social. Promove o respecto e o coñecemento mutuo que favorece o encontro e o diálogo intercultural.	TI	100
CA1.9 - Asumir o desenvolvemento da interioridade como un dos elementos fundamentais na construción do propio sistema de valores e crenzas, mediante a análise e a reflexión de textos bíblicos e doutras tradicións relixiosas.	Asume o desenvolvemento da interioridade como un dos elementos fundamentais na construción do propio sistema de valores e crenzas. Analiza e reflexiona sobre textos bíblicos e doutras tradicións relixiosas.		
CA1.10 - Valorar a experiencia relixiosa como desenvolvemento persoal e social da dimensión espiritual, interpretando e respectando o relixioso na pluralidade de culturas e promovendo o diálogo interrelixioso.	Valora a experiencia relixiosa como desenvolvemento persoal e social da dimensión espiritual. Interpreta e respecta o relixioso na pluralidade de culturas.		
CA1.11 - Comprender as consecuencias éticas e morais, persoais e sociais, da mensaxe de Xesucristo para a construción do propio sistema de valores e crenzas e para a promoción do ben común.	Comprende as consecuencias éticas e morais, persoais e sociais, da mensaxe de Xesucristo. Coñece as claves para construír o propio sistema de valores e crenzas. Recoñece a necesidade de orientar cara ao ben común as crenzas persoais.		
CA1.12 - Coñecer o Credo da fe cristiá, poñéndoo en diálogo con outras áreas de coñecemento científico e cultural e con outras relixións.	Coñece o Credo da fe cristiá. Dialoga, desde o Credo, con outras áreas de coñecemento científico e cultural e con outras relixións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.
- A responsabilidade persoal e social desde o punto de vista cristián.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Situacións vitais que expoñen preguntas existenciais ou morais para a persoa.</li> <li>- Valoración da dimensión espiritual e relixiosa nun mesmo e nos demais.</li> <li>- Expresión, en diversas linguaxes da propia vivencia persoal, ao redor das festividades, tradicións e celebracións relixiosas.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- Ritos, tradicións e festas de diversas relixións en torno ao nacemento, o matrimonio e a morte, explicitando a achega do cristianismo.</li> <li>- Obras de arte, composicións musicais, e construcións arquitectónicas representativas do cristianismo, comparadas coas doutras culturas e relixións.</li> <li>- A relación de Xesús co seu Pai e co Espírito: Divos Trindade.</li> <li>- O Credo da Igrexa católica.</li> <li>- Reflexión e análise sobre as experiencias relixiosas narradas en diversos relatos bíblicos ou recollidas en biografías significativas.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- Establecemento dun primeiro diálogo fe e ciencia, desde o respecto, a curiosidade e escóitaa.</li> <li>- Aprecio do diálogo intercultural e interrelixioso para unha convivencia pacífica e democrática.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
6	A presenza de Xesús na historia da Igrexa.	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Comprender e valorar como o patrimonio relixioso cristián contribúe á construción da identidade das persoas e dos pobos, e inspira a expresión da propia vivencia persoal e social a través de diversas linguaxes.	Comprende e valora como o patrimonio relixioso cristián contribúe á construción da identidade das persoas e dos pobos. Comprende e valora como o patrimonio relixioso cristián inspira a expresión da propia vivencia persoal e social a través de diversas linguaxes.	TI	100
CA1.9 - Asumir o desenvolvemento da interioridade como un dos elementos fundamentais na construción do propio sistema de valores e crenzas, mediante a análise e a reflexión de textos bíblicos e doutras tradicións relixiosas.	Asume o desenvolvemento da interioridade como un dos elementos fundamentais na construción do propio sistema de valores e crenzas. Analiza e reflexiona sobre textos bíblicos e doutras tradicións relixiosas.		
CA1.10 - Valorar a experiencia relixiosa como desenvolvemento persoal e social da dimensión espiritual, interpretando e respectando o relixioso na pluralidade de culturas e promovendo o diálogo interrelixioso.	Valora a experiencia relixiosa como desenvolvemento persoal e social da dimensión espiritual. Interpreta e respecta o relixioso na pluralidade de culturas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.11 - Comprender as consecuencias éticas e morais, persoais e sociais, da mensaxe de Xesucristo para a construción do propio sistema de valores e crenzas e para a promoción do ben común.	Comprende as consecuencias éticas e morais, persoais e sociais, da mensaxe de Xesucristo. Coñece as claves para construír o propio sistema de valores e crenzas. Recoñece a necesidade de orientar cara ao ben común as crenzas persoais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- A responsabilidade persoal e social desde o punto de vista cristián.</li> <li>- Valoración da dimensión espiritual e relixiosa nun mesmo e nos demais.</li> <li>- Expresión, en diversas linguaxes da propia vivencia persoal, ao redor das festividades, tradicións e celebracións relixiosas.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- Ritos, tradicións e festas de diversas relixións en torno ao nacemento, o matrimonio e a morte, explicitando a achega do cristianismo.</li> <li>- A relación de Xesús co seu Pai e co Espírito: Divos Trindade.</li> <li>- A preferencia de Xesucristo polas persoas marxinadas.</li> <li>- A paixón, morte e resurrección de Xesús e a celebración da Pascua na Igrexa.</li> <li>- A vida cristiá e a celebración dos sacramentos.</li> <li>- María, modelo de crente.</li> <li>- Reflexión e análise sobre as experiencias relixiosas narradas en diversos relatos bíblicos ou recollidas en biografías significativas.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- Valores propios do Evanxeo: as benaventuranzas e o Reino de Deus.</li> <li>- Compromiso e transformación social na acción da Igrexa.</li> <li>- A responsabilidade e o respecto no uso dos medios de comunicación e as redes sociais.</li> <li>- Establecemento dun primeiro diálogo fe e ciencia, desde o respecto, a curiosidade e escóitaa.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A adquisición e o desenvolvemento das competencias clave do Perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico, que se concretan nas competencias específicas de cada materia ou ámbito da etapa, veranse favorecidos por metodoloxías didácticas que recoñezan ao alumnado como axente da súa propia aprendizaxe. Para iso é imprescindible a implementación de propostas pedagóxicas que, partindo dos centros de interese dos alumnos e alumnas, permítanlles construír o coñecemento con autonomía e creatividade desde as súas propias aprendizaxes e experiencias. As situacións de aprendizaxe representan unha ferramenta eficaz para integrar os elementos

curriculares das distintas materias ou ámbitos mediante tarefas e actividades significativas e relevantes para resolver problemas de maneira creativa e cooperativa, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión crítica e a responsabilidade.

Para que a adquisición das competencias sexa efectiva, ditas situacións deben estar ben contextualizadas e ser respectuosas coas experiencias do alumnado e as súas diferentes formas de comprender a realidade. Así mesmo, deben estar compostas por tarefas complexas cuxa resolución conleve a construción de novas aprendizaxes. Con estas situacións búscase ofrecer ao alumnado a oportunidade de conectar e aplicar o aprendido en contextos próximos á vida real. Así expostas, as situacións constitúen un compoñente que, aliñado cos principios do Deseño universal para a aprendizaxe, permite aprender a aprender e sentar as bases para a aprendizaxe ao longo da vida, fomentando procesos pedagóxicos flexibles e accesibles que se axusten ás necesidades, as características e os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado.

O deseño destas situacións debe supoñer a transferencia das aprendizaxes adquiridas por parte do alumnado, posibilitando a articulación coherente e eficaz dos distintos coñecementos, destrezas e actitudes propios desta etapa. As situacións deben partir da formulación duns obxectivos claros e precisos que integren diversos saberes básicos. Ademais, deben propoñer tarefas ou actividades que favorezan diferentes tipos de agrupamentos, desde o traballo individual ao traballo en grupos, permitindo que o alumnado asuma responsabilidades persoais e actúe de forma cooperativa na resolución creativa do reto exposto.

A súa posta en práctica debe implicar a produción e a interacción verbal e incluír o uso de recursos auténticos en distintos soportes e formatos, tanto analóxicos como dixitais. As situacións de aprendizaxe deben fomentar aspectos relacionados co interese común, a sustentabilidade ou a convivencia democrática, esenciais para que o alumnado sexa capaz de responder con eficacia aos retos do século XXI. As formulacións metodolóxicas desta materia fundaméntanse, globalmente, na atención personalizada ao alumnado, na diversidade de actividades, estratexias, recursos e outros métodos didácticos; no coidado do desenvolvemento emocional e cognitivo do alumnado respectando o seu ritmo evolutivo; na aprendizaxe individualizada e cooperativa; na relación das aprendizaxes coa contorna, nun enfoque competencial orientado á acción, o emprendemento e a aplicación dos saberes.

Será necesario ter en conta as condicións persoais, sociais e culturais de todos os alumnos e alumnas para detectar necesidades específicas e propoñer accións de reforzo ou ampliación, flexibilizando os procesos e garantindo a inclusión de todo o alumnado. A avaliación compréndese como parte deste proceso de ensino e aprendizaxe.

A materia de Relixión Católica confire unha insubstituíble responsabilidade á figura do docente cuxa intervención é esencial na xestión do proceso de ensino, tanto na súa programación como no seu desenvolvemento e avaliación. A didáctica da materia de Relixión Católica exposta en termos dun currículo competencial haberá de promover o protagonismo do alumnado no seu propio proceso de aprendizaxe. Algúns dos pasos para seguir nas secuencias de aprendizaxe son:

- Partir da experiencia concreta do alumno e a alumna, e da súa realidade persoal, familiar, social e cultural;
- Identificar e formular con pensamento crítico os interrogantes e cuestións que suscitan estas situacións;
- Buscar, analizar;
  - Elaborar respostas persoais e sociais desde a liberdade individual con pleno respecto ás ideas dos demais, contrastadas cos principios do ensino social da Igrexa;
    - Dialogar con outras cosmovisións e relixións, para a construción da vida en sociedades plurais e democráticas baseadas no ben común;
    - Comunicar con asertividade e empatía as ideas e crenzas propias utilizando con creatividade diversas linguaxes;
    - Aplicar este proceso formativo na construción da identidade persoal e do proxecto vital como preparación para a aprendizaxe para toda a vida, e na transformación social.

A diversidade de metodoloxías activas que se poden aplicar haberán de ter en conta os pasos deste itinerario pedagóxico e as competencias específicas, os criterios de avaliación e os saberes básicos, é dicir, as aprendizaxes esenciais desta materia. As orientacións metodolóxicas e para a avaliación programadas harmonizarán de forma coherente estas aprendizaxes que se propoñen na materia de Relixión Católica, as necesidades propias do alumnado, e os obxectivos de etapa e o perfil de saída.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos persoais
Recursos materiais

Recursos tecnolóxicos
Recursos dixitais
Recursos espaciais

Recursos persoais: Formado por todos os profesionais do centro educativo, dende o profesorado da asignatura ata o profesorado titor, persoal especialista en AL e PT, departamento de orientación, mestres especialistas etc. Ademais, hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como son as familias e todas aquelas organizacións institucionais que nos axuden no noso labor como docentes.

Recursos materiais: Libro de texto. Entre os materiais pódense destacar: material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), plastilina e outras pastas para modelar, dicionarios, láminas de apoio visual, libros de consulta.

Recursos tecnolóxicos Ordenadores, encerados dixitais, proxectores, tabletas...

Recursos dixitais: Plataformas. Aula virtual, enciclopedias online, vídeos educativos, libros dixitais, entre outros. Estes recursos poden ser de utilidade para facilitar a adquisición de contidos e reforzar a aprendizaxe.

Recursos espaciais: A propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo, laboratorio de centro, aula de convivencia (para resolver aqueles conflitos que poidan xurdir), así como os diversos espazos da contorna.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso mediante:

- Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información do desenvolvemento de cada alumno e alumna.
- Recollida de información nas entrevistas iniciais do profesorado coas familias ou a través dos titores, para coñecer datos relevantes sobre o alumnado en canto a súa personalidade, nivel de autonomía, situación familiar...

A avaliación inicial vai dar unha idea das capacidades e as actitudes do alumnado co obxecto de adecuar o proceso de ensino-aprendizaxe á realidade das súas posibilidades.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	18	16	18	16	16	16	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100

### Criterios de cualificación:

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, formativa e integradora.

A Avaliación continua: levase a cabo día a día, tanto de maneira global, da marcha da clase, como individualizada, mediante os instrumentos: observación das actitudes dos alumnos/as, habilidades e destrezas adquiridas, traballo de clase, seguimento do caderno, e algunha proba obxectiva. Servirá para ver se acadan obxectivos e competencias previstos e ademais para comprobar se se segue co tema ou hai que retomar aspectos que non quedan claros

Os criterios de cualificación son os instrumentos que se utilizan para obter o resultado da cualificación do alumnado nunha determinada avaliación.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN CRITERIOS DE CALIFICACIÓN

- 50% -Probas escritas/Probas orais: Realizaranse probas escritas e orais ao longo do trimestre de carácter individual para poder coñecer o grado de consecución dos obxectivos. Entenderase por probas a realización de traballo de xeito individual en cadernos, libros, ordenador ou fichas elaboradas polo profesor.
- 50% -Rexistros de aula: Enténdese como rexistros de aula os traballos realizados no libro/caderno do alumno, actividades coas novas tecnoloxías, traballos individuais e en grupo. Neste apartado computará tamén a actitude do alumnado, o cumprimento das normas e as relacións interpersoais. Como instrumento utilizaremos a observación directa e continuada. Observaremos:
  - Interese, motivación, atención, disposición, esforzo, constancia, perseveranza.
  - Iniciativa, participación e compromiso.
  - Planificación do estudo.Realización das tarefas.
  - Adaptación ao grupo.
  - Corrección no trato: cos compañeiros e co profesorado.
  - Coidado do material.
  - Traer o material.

Cos resultados obtidos dos instrumentos que medimos na avaliación asignarase unha cualificación.

O método de avaliación será o de avaliación continua, como xa comentei con anterioridade, onde o alumno/a se avalía constantemente. Desta avaliación xurdirán as diferentes cualificacións por trimestre e a final.

### **Crterios de recuperación:**

O alumnado que precise recuperar, recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzase con pautas que faciliten a recuperación e o progreso na aprendizaxe, con xogos mais manipulativos, actividades lúdicas na PDI, tablet, app da Biblia, miña aula virtual... con propostas sinxelas de reforzo...

Tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe do alumno ou alumna, solicitaré axuda ao equipo de orientación do centro e ao titor/a do alumno/a para organizar un plan específico de reforzo para que, durante o resto de curso, poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

1. Co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade, nesta etapa poñerase especial énfase na atención individualizada aos alumnos e alumnas, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo para evitar a permanencia nun mesmo curso, particularmente en contornas socialmente desfavorecidas.
  2. Corresponderá igualmente ás administracións educativas establecer a regulación que permita aos centros adoptar as medidas necesarias para responder as necesidades educativas concretas dos seus alumnos e alumnas, tendo en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe.
  3. As administracións educativas impulsarán que os centros establezan medidas de flexibilización na organización das áreas, os ensinós, os espazos e os tempos, e promovan alternativas metodolóxicas, a fin de personalizar e mellorar a capacidade de aprendizaxe e os resultados de todo o alumnado.
  4. Ditas medidas, que formarán parte do proxecto educativo dos centros, estarán orientadas a permitir que todo o alumnado alcance o nivel de desempeño esperado ao termo da Educación Primaria, de acordo con o Perfil de saída e a consecución dos obxectivos da Educación Primaria, polo que en ningún caso poderán supoñer unha discriminación que impida a quen se beneficie delas promocionar ao seguinte ciclo ou etapa.
  5. Os mecanismos de apoio e reforzo que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe serán tanto organizativos como curriculares e metodolóxicos. Entre eles poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.
  6. Adoptaranse medidas curriculares e organizativas inclusivas para asegurar que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo poida alcanzar os obxectivos e as competencias da etapa. Igualmente, estableceranse as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación adáptense ás necesidades deste alumnado.
- O currículo da materia de Relixión Católica, tamén nas súas orientacións metodolóxicas, aposta por unha educación personalizada, que pon á persoa no centro de todos os procesos educativos. Isto esixe acompañar a cada alumno e

alumna tendo en conta a súa personalidade e o seu propio ritmo de aprendizaxe, acoller e coidar a súa experiencia persoal, familiar e social, respectar a súa autonomía e liberdade, promovendo os vínculos cos demais para crecer individual e comunitariamente. Coa atención personalizada favorécese o compromiso e a implicación dos propios estudantes no seu proceso de coñecemento, atendendo a todas as dimensións da personalidade de maneira integrada. En concreto, a materia de Relixión Católica atende e acompaña o desenvolvemento da interioridade, a espiritualidade, e a experiencia relixiosa do alumnado.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Formación estética	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Educación para a sostibilidade e o consumo responsable	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais	X	X	X	X	X	X

#### Observacións:

Ao traballar os mesmos descritores operativos que as demais materias, a materia de Relixión pode integrarse como una materia nos proxectos de interdisciplinaria e o traballo por ámbitos. Nos propios saberes recóllese a relación de con outras disciplinas

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Belén	Material sen determinar de momento : Será material reciclado o que empreguemos como base para a elaboración deste Belén	X		
Pasapalabra de Semana Santa e Pascua	Prepararei xogos de Pasapalabra de Semana Santa e Pascua para realizar por equipos		X	
Lecturas felices no patio	Saídas ao patio que faremos con obxectivo de admirar a beleza do mundo que nos rodea e ler distintos textos bíblicos			X

### Observacións:

Mediante a realización de actividades complementarias e extraescolares preténdese conseguir os seguintes obxectivos:

- Ampliar o horizonte cultural do alumnado.
- Adquirir uns valores e actitudes que, como a tolerancia e o respecto, son fundamentais na convivencia.
- Fomentar a autonomía.
- Coñecer e familiarizarse con acontecementos culturais que habitualmente non se ofrecen nos medios de comunicación de masas.
- Conseguir mellorar as súas competencias básicas en contextos distintos.
- Complementar o currículo das diferentes áreas.
- Fomentar as inqedanzas culturais no alumnado e contribuír ao seu desenvolvemento mediante actividades lúdicas.
- Favorecer o desenvolvemento de temas transversais.
- Desenvolver no alumnado valores de liberdade, responsabilidade, solidariedade e espírito crítico, fomentando as súas habilidades sociais.

As actividades complementarias que propoño serán experiencias de aprendizaxe emocionalmente positivas e divertidas, e, aplicaranse nun ambiente de afecto e confianza, para potenciar a súa autoestima e integración social e o establecemento dun apego seguro.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Idoneidade das actividades propostas para acadar as aprendizaxes
Metodoloxía empregada
Incorporación das novas tecnoloxías ao proceso de ensino-aprendizaxe
Combinación do traballo individual e en equipo de xeito eficiente
Participación activa de todo o alumnado
Eficacia dos procedementos e instrumentos de avaliación

Medidas de atención á diversidade
Adecuación do nivel de dificultade ás características do alumnado
Atención adecuada á diversidade so alumnado
Clima de traballo na aula
Facilitación a cada alumna e alumno da axuda individualizada precisa
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Información do proceso de ensino-aprendizaxe ao alumnado, persoa titora e familia

### Descrición:

Ademáis dos citados indicadores de logro, poderase incluír:

Se a programación se axusta ao marco normativo curricular estatal e autonómico e ao currículo de Relixión; se a estrutura da situación de aprendizaxe inclúe todos os elementos formais; se está adaptada ás características do centro e do grupo; se vincula este curso co perfil de saída, os descritores operativos e obxectivos de cada etapa; se se tivo en conta a diversidade do alumnado en canto a capacidades, distintos niveis cognitivos, ritmos e estilos de traballo, habilidades, estilos de aprendizaxe; se se planificou a partir dos criterios de avaliación que establece o currículo utilizando en cada secuencia aqueles saberes que permitían progresar na adquisición da correspondente competencia específica; se tivo en conta os descritores operativos das competencias clave e buscou o diálogo curricular con outras materias; si é adecuada aos criterios de avaliación.

Se como profesor ou profesora reflexionei e avalíei a miña labor docente durante todo o desenvolvemento da situación de aprendizaxe, realizando modificacións (nas tarefas, nos contidos, na metodoloxía) cando foi necesario; se utilicei variadas ferramentas de avaliación ao longo da tarefa (observación, probas escritas ou orais); se tiven en conta os criterios de cualificación acordados e difundidos e se estes criterios van referidos non só a resultados de probas senón ao logro de competencias.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Realizarase o seguimento a través da aplicación Proens, farase na medida do posible, ao remate de cada situación de aprendizaxe, asegurando que se completou ao finalizar o trimestre. Os datos recollidos no seguimento permitirán tomar decisións cara á programación do seguinte curso académico.

## 9. Outros apartados